

FORO A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 1 | Edición nº 4 | Abril de 2018 | PRECIO 0,50 EUROS

Romaría da Picaraña
2018

Páxina IV

Residência "Vértigo:
Une Lumière Fugitive"
promove workshop
aberto ao público

Páxina X

Cerveira vive Festa do
Livro e da Leitura

Páxina XV

Festa da Lamprea en
Arbo

Páxina XVI

Máis da metade dos
parados que participaron
no "Porriño accede"
están traballando

Páxina XIX



Bocaselas prevé despachar máis de 7000 bocatas

Páxina XVII



**GASOLEOS**
TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

**PONTEAREAS** | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61


REPSOL

NOVAS DA RAIÁ

Desde a Terra de Turonio a Europa

O ciclo profesional "Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural" que se imparten no IES Terra de Turonio de Gondomar está a levar ao alumnado a facer prácticas en empresas de toda Europa grazas ao programa "Practicum Depo- Erasmus+" que desde o curso 2016/17 está a desenvolver a Deputación de Pontevedra.

Practicum Depo é un proxecto que se lle concedeu á Deputación de Pontevedra no programa Erasmus+, dentro da acción clave 1 "Movibilidade das persoas por motivos de aprendizaxe" e, en concreto, para "Proxectos de mobilidade para beneficiarios/as de ensinanzas de FP".

Esencialmente permite que, tanto alumnado do ciclo como profesorado, teñan a oportunidade de realizar prácticas e formación en países da Unión Europea.

O obxectivo do proxecto é proporcionar ferramentas e favorecer estratexias que faciliten ao alumnado a inserción laboral noutros países da UE, aumentar as oportunidades de formación no estranxeiro do alumnado de Formación Profesional, e proporcionarlle as habilidades necesarias para a súa transición do ámbito da educación e a formación ao mercado laboral.

Erasmus+ 2017-2018

Para poder participar no programa, o alumnado debe pasar unhas probas de selección para cubrir as prazas que se ofertan. Neste momento o



IES Terra de Turonio é o centro que máis prazas está ocupando.

No curso pasado Sara Comesaña Abalde, Diego Míguez Viana e Pablo Fontán Rodríguez participaron no Erasmus+ durante 6 meses na campaña de verán do 2017.

Sara e Diego estiveron na empresa Vivere l'Aniene de Subiaco (Roma) en Italia e Pablo na empresa Indomita Valtellina River Rafting & Outdoor Adventures de Castione Andvenno tamén en Italia.

No presente curso, e ata o mes de xuño están neste programa os seguintes alumnos:

Lucía Fernández Rodríguez na empresa GoldenBay Horse Riding (Golden Bay – Melihea) en Malta que está a facer rutas a cabalo pola illa e todos os coidados equinos na empresa.

Alex Coelho Álvarez na empresa Diver Lanhoso en (Oliveira-Povo de Lanhoso) de Portugal na que

está a facer, salto pendular, ferratas, escalada, paintball, 4x4, rafting, barranquismo, salto negativo, rutas de sendeirismo, etc

Zaida González Martínez e Camila Lorenzo López na empresa Vivere l'Aniene en Subiaco (Roma) Italia na cal están a facer rutas de montaña, rutas con raquetas por neve, barranquismo, rafting, escalada e boulder.

Sara Pérez Lodeiro e Judith Pastoriza Portela na empresa Trekking & Paddles de Controne (Nápoles) en Italia na cal están a facer rafting, kaiak, rappel e barranquismo.

En varios casos, despois de realizar esta formación, algúns destes alumnos xa se incorporan a estas empresas a traballar. É o caso de Lucía e Alex, a quen lles ofreceron xa traballo antes de rematar a estadia de Erasmus, xa teñen acordo para a campaña de verán alí na mesma empresa.

Concurso nacional "Faça lá um poema"



Com o objetivo de incentivar o gosto pela leitura e pela escrita de poesia, o Plano Nacional de Leitura (PNL 2027) e a Fundação Centro Cultural de Belém (CCB) lançaram "Faça lá um poema", convidando todos os alunos do 3º Ciclo do Ensino Básico e do Ensino Secundário a participarem no concurso.

A apresentação pública dos poemas selecionados e respetivos vencedores decorreu no passado dia 24 de março, sábado, no Centro Cultural de Belém, em Lisboa, no âmbito das comemorações do Dia Mundial da Poesia. Traçou-se da 9ª edição deste concurso.

Rodrigo Ferreira, 12º ano, da Escola Secundária de Monção, conseguiu, com o poema "Marioneta", o primeiro prémio do ensino secundário, entre milhares de poemas de alunos de escolas públicas e privadas de todo o país e ilhas. Um orgulho para Monção. Parabéns, Rodrigo.

De acordo com critérios como a criatividade, a adequação morfológica e sintática, a riqueza do conteúdo, o estilo e a originalidade do tema, os poemas apresentados foram ordenados por um júri nacional, tendo a notícia da atribuição do primeiro prémio a Rodrigo Ferreira sido recebida com orgulho, alegria e satisfação pelo Agrupamento de Escolas de Monção.

Para Fernando Magalhães, professor bibliotecário, a vitória neste concurso nacional mostra que "o Agrupamento de Escolas de Monção consegue uma formação ao nível das melhores do país", sublinhando que "estamos sempre lá, na linha da frente, a apoiar a criatividade, a acompanhar o talento, a incentivar a motivação e a acarinharmos o talento".

A Rodrigo Ferreira, deixou palavras sentidas e encorajadoras: "Que este seja o início de um longo caminho. Que esta experiência te sirva de estímulo para alcançar outros sonhos. Que consigas encontrar poesia em tudo, nos amigos, nas plantas, nas ruas, nas casas, na saudade, no amor, enfim, na vida".

'O Tritão-Palmado': A história de um anfíbio cada vez mais raro em Portugal

Cumprindo a sua missão de promoção e divulgação do património natural da bacia hidrográfica do rio Minho, o Aquário-museu do rio Minho apresenta, entre 4 de abril e 31 de maio, uma pequena exposição bimestral em painéis intitulada 'O Tritão-Palmado'.

Por ser pouco conhecido, o objetivo é dar a conhecer algumas das características gerais, reprodução, habitat e ameaças, deste anfíbio que pode ser encontrado

junto das nossas linhas de água e que nos ajuda a combater pragas.

O Tritão-Palmado é uma das espécies de maior distribuição no mundo, mas em Portugal existe em número reduzido. Apesar de não estar ainda muito ameaçado, as rápidas alterações climáticas, a destruição de habitats e a poluição das águas onde habita estão a fazer diminuir rapidamente o número existente.

De realçar que o Tritão-Palmado



desempenha um papel importante na natureza, sendo que na Galiza, por exemplo, chamam-lhe 'limpa fontes', porque se sabe que onde esta espécie habita a água é sempre limpa.

CONDADO / PARADANTA



O noso Eido

Telf. 986 658 313

Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)



MENÚ2 22EUROS

PRIMEROS PLATOS

Embutidos, croquetas y calamares

SEGUNDOS PLATOS

Langostinos a la plancha

TERCEROS PLATOS

Parrillada de carne o Ternera asada o kikis

VINOS DE LA CASA, POSTRES DE LA CASA Y CHUPITOS

PRIMEROS PLATOS

Langostinos a la plancha

SEGUNDOS PLATOS

Chocos a la plancha o Merluza a la romana con ensalada

TERCEROS PLATOS

Parrillada de carne o entrecot (300 gr) o secreto ibérico o rodaballo

VINOS

RIOJAS: Marqués del puerto

MENCIÁ: Flavium

TARTAS DE LA ABUELA O ANGOLEÑA O GOSUA
CAFÉS Y CHUPITOS



MENÚ3 26EUROS



MENÚ4 30EUROS

PRIMEROS PLATOS

Langostinos a la plancha, mejillones al vapor y 2 vieiras por persona

SEGUNDOS PLATOS

Chocos a la plancha o rodaballo

TERCEROS PLATOS

Entrecot (300 gr) o secreto ibérico o bacalao

VINOS

RIOJAS: Marqués del puerto o CS

MENCIAS: Castela

TREIXADURA

TARTA DE LA ABUELA O SAN MARCOS O DE FRUTAS
CAFÉS Y CHUPITOS

MENÚ INFANTIL 10EUROS

PRIMEROS PLATOS

Croquetas y Tortilla

SEGUNDOS PLATOS

Churrasco de Cerdo o Milanesa de Pollo con patatas o spaguettis a la boloñesa

Con bebida y pastel



MENÚ1 18EUROS

PRIMEROS PLATOS

Croquetas, tortilla y zorza

SEGUNDOS PLATOS

Churrasco de Cerdo, kikis y criollos con ensalada



VINOS DE LA CASA, POSTRES DE LA CASA Y CHUPITOS

MENÚ5 40EUROS

PRIMEROS PLATOS

Langostinos a la plancha, navajas, mejillones, 2 vieiras y zamburiñas

SEGUNDOS PLATOS

Entrecot (500 gr) o secreto ibérico o bacalao al horno o chuletón de ternera

VINOS

RIOJAS: Marqués del puerto

MENCIAS: Rocio o Señoría de Rubiós



TARTAS DE LA ABUELA O ANGOLEÑA O SAN MARCOS O GOSUAS O
REQUESÓN CON MIEL
CAFÉS Y CHUPITOS Y BOTELLAS DE SIDRA Y CHAMPÁN

MISCELANEA

O Coñecemento ao servizo da sociedade

Lois Celeiro, da Facultade de Ciencias da Comunicación estivo en Ponteareas falando cos futuros universitarios, na Semana das Ciencias, para explicarlle os graos que poderán cursarse a partir do próximo curso, distribuídos nas cinco grandes Áreas de Coñecemento; dos servizos Universitarios, das Residencias para estudantes, dos sistemas de bolsas e das características da Universidade de Santiago de Compostela como unha Universidade de vocación internacional, con convenios coas mellores e máis prestixiosas universidades do mundo.

Este relatorio céntrase na oferta académica da Universidade de Santiago de Com-



postela (USC), unha das institucións de ensino superior de maior tradición de Europa, asentada en dúas cidades históricas, e recoñecida por rankings internacionais como unha das catrocentas mellores universidades do mundo.

A USC ten tres compromisos

claros: coa responsabilidade social, coa transparencia e co diálogo, valorando as distintas opinións. Pero tamén é unha Universidade que se configura como un centro de investigación. O seu enorme potencial investigador a sitúa entre as dez mellores Universidade do Estado Español.

A Radio Municipal de Tui cumpre 25 anos

A Radio Municipal de Tui cumpre o 16 de abril, 25 anos desde que comezou as súas emisións no antigo edificio.

Dende o primeiro día a emisora municipal de Tui fixo unha aposta polo cercano, pola información máis próxima converténdose nun altafalante da actualidade, das actividades, dos eventos en Tui e na súa comarca. 25 anos nos que teñen pasado pola emisora máis de 250 persoas, boa parte deles coma voluntarios que realizaron os seus programas ou participaron coma colaboradores noutros, pero un tempo tamén no que a radio de Tui ten sido o primeiro contacto cun medio de comunicación para moitos profesionais que hoxe realizan o seu labor nos principais medios de comunicación galegos. Un tempo no que a seriedade e o traballo ben realizado teñen dado coma resultado uns impresionantes niveis de audiencia na comarca do Baixo Miño e en



parte do Alto Miño portugués, sendo un referente informativo para toda a zona.

O balance destes 25 anos non pode ser máis que positivo xa que a Radio Municipal de Tui sitúase neste momento coma un medio de comunicación imprescindible, pero tamén coma un dinamizador da vida cultural, social e deportiva non só de Tui senón tamén de toda a comarca.

Amais ao longo destes anos a radio ten sabido manter o seu oco informativo fronte aos novos xeitos de comunicación, coma redes sociais,

webs..., que teñen xurdido ao longo dos últimos tempos. A radio é tamén compañía e entretemento e nestes anos ten sido e é para moitos o compañeiro fiel ao longo da xornada.

Na actualidade os estudos da Radio Municipal de Tui están situados no edificio da Área Panorámica, emitindo no 107.4FM e podendo escoitarse tamén a través de internet, o que posibilita que moitos tudense e persoas da contorna que residente fóra sigan en contacto coa actualidade local e comarcal.

Romaría da Picaraña 2018

O vindeiro 1 de Maio celébrase a Romaría da Picaraña, unha festa con moita tradición en Ponteareas e arredores. Este ano a organización quere darlle un pulo e tratar de recuperar o ambiente de antaño.

Os romeiros poderán des-

frutar de boa comida e viño, música tradicional, actividades deportivas coma andainas, carreiras e subidas a cabalo, xogos tradicionais, exposicións, roteiros...

Anímase aos asistentes a ir ataviados con traxes de principio de século XX.

PROGRAMA

LUNS 30 DE ABRIL

17:00 **ACAMPADA SCOUT** no albergue municipal. De 7 a 14 anos. Información e inscricións en 698.129.529 e bosquetea@gmail.com

21:00 **SERÁN** nas Chans da Picaraña. Música tradicional, sorteos, pinchos, bebida e chocolatada de balde. Inscricións dos grupos a partires das 20h.

MARTES 1 DE MAIO

ANDAINAS

10:30 Saída desde as Casas Culturais de Arcos, Prado e Bugarín e desde a piscina municipal.

11:00 Saída desde o parque Luís Pardo de Canedo.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

09:00 Subida en bicicleta desde a fonte da Rúa de Abaixo

09:30 Roteiro a cabalo desde as Chans da Picaraña.

10:30 Carreira popular desde a piscina municipal

10:45 Campionato Galego de carreiras por montaña categoría cadete desde a piscina

11:00 Subida en bicicletas adaptadas desde a Casa do Concello

POSTOS E GASTRONOMÍA

Oficios tradicionais: zoqueiro, cesteiro de silvas, cesteiro de bimbios, cesteiro de labrado de madeira e follateira.

Alimentos tradicionais: tetilla, pan, empanadas, embutidos, mel, queixo de cabra, filloas, viño, churros, rosquillas e polbeiro.

Xantar popular en mesas das áreas recreativas e carpa.

OUTRAS ACTIVIDADES

10:00 a 19:00 Exposición fotografías antigas da romaría

16:00 a 18:00 Xogos tradicionais galegos

16:30 a 17:30 Roteiro medioambiental guiado

ACTOS RELIXIOSOS

12:30 Misa e procesión

ORGANIZAN E COLABORAN:

CMVMC de Ponteareas, Arcos, Prado e Pías; AA.VV. Arcos e Canedo; Casas Culturais de Arcos, Bugarín e Prado, Peña Cabalar Ao Galope, Breogán Scouts, Os Caminantes do Condado, Discamino, Concello de Ponteareas

Un obradoiro permite descubrir o patrimonio cultural de Oia a través do teatro

O Concello de Oia vén de abrir o prazo de inscrición para un obradoiro gratuito de teatro organizado co obxectivo de revalorizar e dar a coñecer o patrimonio cultural deste municipio pontevedrés a través da práctica das artes escénicas.

A actividade, denominada 6x6 ponto de encontro. Costa dos Castros, será impartida por

A Artística Teatro & Danza e conta co apoio da Asociación Costa dos Castros. Como resultado das distintas sesións das que constará este proxecto crearanse pequenas pezas dramáticas que serán interpretadas en lugares de valor patrimonial do municipio, especialmente na contorna do Mosteiro e no barrio do Arrabal.

As pessoas interessadas no

proxecto poden informarse e inscribirse no teléfono 986.362.125 (Concello de Oia). Unha vez confirmado o grupo mínimo requirido programaranse as clases: terán lugar un día á semana en horario de tarde, pendente de determinar.

A Artística Teatro & Danza é un proxecto enmarcado dentro das artes escénicas que se



dedica a formación, promoción, creación, investigación e experimentación do teatro e a danza contemporáneos. Os seus responsables son Alfredo Ro-

dríguez (actor, director escénico e pedagogo especialista en expresión) e Olga Cameselle (bailarina, intérprete, coreógrafa e directora escénica).

O Instituto de Estudos Miñoráns e o Concello de Gondomar convocan o XI Premio de poesía Victoriano Taibo


O IEM, Instituto de Estudos Miñoráns, en colaboración co Concello de Gondomar convoca o XI Premio de Poesía Victoriano Taibo. O premio, dotado con 3000 € e unha escultura conmemorativa de Fino Lorenzo, ten o prazo de inscrición aberto ata o 31 de xullo.

Cada traballo consistirá nun ou varios textos poéticos, en galego de acordo coa normativa da RAG 2003, cunha extensión non inferior a 300 versos, que constitúan un conxunto. De cada obra presentarase orixinal e catro fotocopias. Os autores ou autoras concursarán polo sistema de plica. Os traballos faranse chegar por correo ao apartado 30 36 380 de Gondomar.

O Premio de poesía Victoriano Taibo reconeceu até o de agora a obras das seguintes escritoras e escritores: Carlos

Negro con Cultivos Transxénicos, M^a Carmen Caramés con Cuarto Minguante, Elvira Riveiro e Silvia Penas con Biografía da Multitude, M^a Goretti Fariña con Devastacións dispoñibles, Calros Solla con Holocausto Zacoe, Conchita Álvarez Lebreo con Distancias e Sime-trías, Ramón Sandoval con Ter-ritorios Estraños, Lara Rozados con O caderno amarelo, Iñaki Varela con Do outro lado das portas, Xosé Iglesias con A relixión do mar e Rafa Vilar con Erosións.

O IEM e o Concello queren, a través deste premio, enxalzar a figura de Victoriano Taibo, escritor e mestre na parroquia de Morgadães, e contribuír ao crecemento da literatura na nosa lingua, convertendo Gondomar e este premio nunha cita imprescindible para as letras galegas.



OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Xoán Antón Pérez-Lema

O unionismo no seu bucle

Hai so quince días anticipei nestas mesmas páxinas ("Ainda hai xuíces en Berlín") o probábel rexeitamento da xustiza alemá á extradición de Puigdemont polo delicto de rebelión, á vista da redacción do tipo delictivo da alta traición no Código Penal alemán, que require violencia ou intimidación. Mais semellaba que non, que Llerena fixera un traballo moi bó, que Merkel e Rajoy eran moi amigos e Alemaña un país serio. Puigdemont sería extraditado axiña.

Con ser moi ilustrativo o entusiasmo

dos voceiros mediáticos do tripartito do 155 e demais cobertura do unionismo diante da nova da detención do líder catalán, aínda foi máis salientábel a reacción ás novas xudiciais que viñeron do land alemán de Schleswig Holstein. De súpeto abrollaron euroescepticismos e vellos complexos de inferioridade, con opinións non moi distintas do patrioterismo impreso na guerra de Cuba (1898) ou dos acenos illacionistas da España franquista de 1946 diante da retirada internacional de embaixadores. De súpeto o acordo Schengen non serve, Europa

non ten contido nin proxecto e os alemáns son supremacistas. Todo porque un Tribunal independente dun Estado democrático non acepta unha acusación orfa de feitos.

E, se non queres caldo, velaí van dúas cuncas. O Gabinete de Prensa do Tribunal Supremo informaba que o maxistrado Llerena podería prantexar unha cuestión prexudicial ao Tribunal da UE que paralisaría o trámite das euroordes en Escocia, Bruxelas e Alemaña, proxectando a idea dun recurso que é imposible, porque quen pode prantexar esta caste de cuestións son os Tribunais que coñecen das euroordes, non o Tribunal emisor das mesmas. Está moi clariño no artigo 267 do Tra-

tado de funcionamento da UE.

Puigdemont conseguiu europeizar o procés e está a gañar a batalla



da opinión pública europea. As manifestacións da ministra federal alemá de Xustiza (SPD) e de relevantes eurodeputados da CDU amosan que no principal Estado da UE a cuestión catalá xa non é unha cuestión interna do Estado español. Cómpre unha mediación internacional sen condicións previas e semella que esta mediación xa non é unha ocorrencia no cerne mesmo da Europa.

Fiscalidade regresiva

Entre o 2007 e o 2017 equiparáronse o PIB e a recadación fiscal, despois da Grande Recesión. Fronte aos 200.000 M€ do 2007 o Estado español recadará algo máis de 198.000 M€ no 2017. Mais a distribución dos ingresos fiscais é moi diferente. No IRPF a recadación sobirá até case 77.000 M€ dende os 72.614 M€ do 2007. No IVE sobirá dos 57.850 M€ do 2007 até os case 66.900 M€ do 2017. A fiscalidade sobre as familias medrou do 73,8% do 2007 até o case 87,3% do 2017.

Mentres, o Imposto de Sociedades (IS) non sobardará os 23.500 M€, ben

lonxe dos 44.823 M€ do 2007. É dicir, o Estado español aínda non recuperou case a metade dos impostos (máis de 21.000 M€; uns 500 € por residente) que percibiu das empresas españolas no 2007, cando neste tempo incrementou nun 11,5% a súa recadación ás familias por impostos directos ou indirectos. Con este déficit polo IS cubríriase o custo todo das prestacións por desemprego no 2017 (18.300 M€, aproximadamente) e aínda abondarían 3.000 M€ para mellorar as pensións. Ou pagaríanse nun 70% os xuros anuais da débeda pública española, que acadan os 30.000 M€. O que quere dicir que estes

21.000 M€ poderían darlle unha reviravolta á atención sanitaria, educativa, da dependencia e dos servizos sociais. É dicir, poderían mellorar substancialmente as cousas importantes.

É certo que as empresas poden compensar fiscalmente bases impositivas negativas dos últimos catro anos, mais no 2017 e 2018 xa haberíamos ver case todas estas bases compensadas. Porén, o que resulta moi rechamante é que, cun tipo fiscal do 25% sobre os beneficios, as pemes paguen un 12,2 % do seu beneficio neto contábel fronte ao 7,3% das grandes empresas. Mentres, os traballadores pagan o 14,9% dos seus ingresos netos.

Xa que logo, cómpre revisar a fiscalidade corporativa para axeitar a xeración do beneficio á recadación fiscal. Porque, no Estado español, hoxendia, o sistema fiscal corporativo vulnera o principio constitucional que establece que ha achegar máis quen máis gañe.

A ARRINCADEIRA: Pepe Miñones.

O Concello coruñés ven de homenaxear Pepe Miñones Bernárdez, republicano de centro corcubiónés asasinado legalmente polo franquismo en decembro 1936. Creou a Electra Popular Gallega, que logo mercaría de saldo Barrié para Fenosa. A traxedia de Miñones expresa dun xeito singular o xorne violento e represivo do réxime nado no 1936.

Por Ramón Coira Luaces

Coidado co acoso psicolóxico español

Pode parecer casual, incríbel; pero con frecuencia non o é. E ao final acabas no psiquiatra tomando medicación ou facendo loucuras. Todo o que lles fagas (non a inocentes) está lexitimado, porén o mellor é que manteñas a cabeza fría e non caías en provocacións.

Actúa con calma e cando a ti che interese e non cando lles conveña aos fascistas e imperialistas españois. Non deixes de empregar o galego, que saiban que nin eres coma eles nin o vas ser nunca. Defende Galicia, amizades e aliad@s e non perdoes as aldraxes españolistas por moito

que o mande a Igrexa Católica: son unlla e carne. Non se te ocorra suicidarte nin ser agresivo coa túa familia: aguanta ou busca unha saída, que sempre se pode. Procura ser nobre e xusto e devolve os golpes e as aldraxes individuais e colectivas cando che pareza oportuno. Non te vendas e non sexas unha rata amiga dos inimig@s de Galiza. Se tes que disimular, disimula; se tes que ser fals@, sé fals@,

que eles o son moito máis. Posto que non respectan os nosos dereitos, non lles debes gran cousa, aínda que o Estado che pague unha nómina. Consume cultura galega e ten as túas propias ideas e non as deles.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonia.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Humor: Maitirena, Tokio, Sabin Anca, Fuco, Pepe Carreira.

Depósito legal: en trámite

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Precusores e discípulos da galeguización xurídica

Chegado o mes de novembro teremos a oportunidade para conmemorarmos o centenario da celebración da primeira asemblea nacionalista celebrada en Lugo que proclamou a soberanía estética de Galicia para poñer orde as construcións urbás e rurais. Propuña o texto aprobado que para conquistar tal obxectivo compría “ditar unha lei que obrigue aos propietarios a axeitaren o estilo das súas construcións ao estilo xeral de cada vila galega”. Noutras palabras: pedían o respecto polas distintas tipoloxías de construción existentes en Galicia que por entón empezaban a ser desnaturalizadas.

Pero tamén tamén propuñan que as leis se ditasen en idioma galego. A maiores propuñan que a función dos Tribunais de Xustiza rematara en recurso derradeiro en Galicia e sempre realizada por funcionarios galegos. Na segunda asemblea celebrada o ano seguinte en Compostela matizáronse

algunhas destas propostas programáticas para maior concreción.

Entre as moitas personalidades que acudiron ao cónclave de Lugo estaban os xuristas Lois Peña Novo e Roberto González Pastoriza dos que se cumpran os 125 e 120 anos, respectivamente, dos seus nacementos, que polos seus principios éticos e fidelidade á legalidade republicana sufriron persecucións e destellos impostos polas autoridades sublevadas en 1936.

Tanto Peña Novo como González Pastoriza fan parte dunha amplísima nómina de xuristas comprometidos coa causa galeguizadora que son, aínda hoxe, descoñecidos para a inmensa maioría dos profesionais do dereito, por mor do desleixo das facultades de dereito, colexios profesionais de avogados e escolas de prácticas xurídicas. En ningún destes escenarios académicos o alumnado ten a posibilidade de formarse cursos específicos sobre a historia do dereito

galego e dos seus valedores.

A Irmandade Xurídica Galega séntese herdeira desa tradición que vén reivindicando desde hai ben anos. E faíno da mellor maneira: exercendo un continuado labor de galeguización da Administración de Xustiza e dos ámbitos xurídicos, público e privado,



co maxisterio do seu exemplo.

Se tempo atrás se celebraron actos de galeguización xudicial nos xulgados de A Fonsagrada, Cangas e Cambados, o próximo día 13 escenificarase outro nos do Partido Xudicial de Caldas de Reis para conmemorar as primeiras sentenzas ditadas en lingua galega naqueles órganos xurisdiccionais pro-

tagonizados polos maxistrados don Manuel A. Pereira Costas, dona Dalila Dopazo Blanco e dona Encarna Dasi Dorelle. Todos os tres son, por méritos propios, acredores da homenaxe programada por ese compromiso pioneiro e continuado coa lingua galega ao que están convocados avogados, procuradores, xuíces de paz, entidades societarias, culturais e veciñais, forzas e corpos de seguridade.

Ese día, amais dos xuíces homenaxeados, tamén serán protagonistas os alcaldes e alcaldesas que asinaron a “Declaración de Caldas de Reis”, comprometéndose a lideraren o proceso de normalización lingüística no ámbito local e nos eidos das actividades administrativas e xurídicas coa adopción de medidas concretas por parte das asesorías xurídicas, propias ou externalizadas, e das policía locais que son parte de moitos procesos xudiciais, como denunciante ou testemuñas.



Baldomero Iglesias Dobarrío. Mero

Curioso, si

É curioso que con isto que sucede en Cataluña, o do “procés”, aproveiten e estean dando un aviso para navegantes. Si, o nacionalismo español segue a botar culpas a quen non as ten, a quen nunca as tivo, entre outras cousas porque non tiña poder para facelo. As cousas son claras xa desde hai tempo anque o relato que dean sexa distinto. O invasor é precisamente ese pensamento único e unitario que por riba, faise a vítima, e chega a dicir que se persigue o español nas comunidades que temos lingua propia. Dese mesmo victimismo son as afirmacións esteparias de quen decreta repartos de ladrón. Si, aqueles que nos reparten o propio e nos obrigan ao alleo nun cómputo que non lles pertence. É impertinente mentira e persecución, demonización que levan tempo expresando e que carece de verdade e de rigor. As linguas minorizadas son,

pola contra, as dos que temos idioma distinto do español. Cumpriría non se deixar levar polos acenos e manifestacións erradas dos que ocupan tanta pantalla e chupan cámara constantemente para mentir, con reiteración, e tentan inculcar unha cousa por outra. Non sei como poden explicar iso de que, precisamente nas tres nacións periféricas do estado, é onde mellor se fala o castelán, con mellor nivel expresivo ca outras que só miran por un só ollo. Son cousas desa cadaqu mentira, desa reacción trasnoitada dos que se fixeron eco ben desde a dereita ou na mentida esquerda doutros. Aínda non foron quen de explicar debidamente porque hai eses problemas en comunidades cun só idioma e porque tratan de crear problemas nas comunidades con idioma propio, diferente ao deles. Outro erro constante é o de negarlle o éxito da inmersión lingüística. De

todos é sabido que a canle debida para aprender ben e a fondo idiomas, sexan os que sexan. De feito as aprendizaxes teóricas dun idioma, con vocabulario e estruturas, non é nada se non se vai ao país de orixe a aprender a práctica da oralidade. Si, xa sei que non, aínda que sexa tan evidente, que non o van aceptar. Eles, cegamente, odian as palabras “inmersión lingüística” e “reparto equitativo”. Mesmo trocárono o de lingua “propia” e inventaron un concepto excluínte como “lingua común” que nos aniquila, por iso de ser parte pequena. De todas formas, chegados a este estado decepcionado de recuperación lingüística, habería que preguntarse porque nos teñen tanto medo, porque usan tanta voracidade para omitirnos, por que nos sentimos perseguidos e minorizados, por que decrece o número de falantes en galego, sobre todo na xente nova, por que non aceptan a Nosa Lingua como unha lingua máis de estudo e pasa a ser protexida como o resto das linguas (castelá e inglesa,

...e outras máis), por que os países plurilingües teñen acadada unha civilización que nós non demos acadado, mesmo chegaron a unha harmonía social que aquí non foi posible a través dos séculos? Por que en tan pouco tempo se perderon tantos falantes ata chegar a este estado residual? Onde as responsabilidades e de quen? Todos sabemos a resposta destas preguntas, sabemos do delicado momento e das políticas desacertadas que se viñeron desenrolando. Non sería ben, cambiar e deixarse de “trilingüismos” cheos de discriminacións negativas, de represións caóticas como se pode comprobar, e de incompetentes solucións para a nosa recuperación. Propician esta sangría, que nos minusvalía, e esta morte lingüística da que estamos a ser testigos.



MISCELANEA

A terceira edición de Xornalismo na Escola “La Caixa” chega ao IES Terra de Turonio de Gondomar

O IES Terra de Turonio, vai acoller este luns 16 de abril o primeiro taller na vila miñorana da terceira edición de ‘Xornalismo na Escola’, unha iniciativa do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e a Obra Social ‘La Caixa’ para impartir obradoiros de xornalismo entre escolares de 3º e 4º da ESO nos institutos de educación secundaria de Galicia.

Co obradoiro deste ano, impartido por Emilio Gómez Álvarez, son xa dous os centros educativos gondomareños que acolleron este programa desde a súa creación.

A iniciativa, que percorre distintos institutos de toda Galicia, arrancou o pasado 15 de febreiro no IES de Bembibre no Val do Dubra (A Coruña) e vaise prolongar ata o mes de maio. Impartiranse un total de 90 obradoiros para escolares de 3º e 4º da ESO.

Nestas xornadas, os xornalistas tratan de inculcar na xuventude o espírito crítico ante a información e as noticias nos medios de comunicación offline e online. Deste xeito, os alumnos tratarán temas como os riscos e vantaxes das novas tecnoloxías da información e comunicación



(TIC), a necesidade da mediación e o contraste de fontes no xornalismo ou tamén o que pode supór para a xente nova a veracidade e o rigor xornalístico.

No IES Terra de Turonio desenvólvese desde hai anos unha práctica continuada coa radio escolar onde o alumnado ten a posibilidade de realizar experiencias con este medio de comunicación. Radio Turonio ten producido programas para a experiencia de Ponte...nas ondas! e recibe persoas e grupos convidados para participar en diferentes programas. Ademais teñen realizado emisión en directo por Internet con motivo de eventos especiais como o Día Mundial da Radio ou a celebración das Letras Galegas.

XORNALISMO NA ESCOLA, pode seguir en twitter co hashtag #XornalismoNaEscola, naceu grazas a un acordo entre o CPXG e a Obra Social La Caixa. As dúas primeiras edicións desenvólvense con grande éxito en 2016 e 2017 con máis de 150 talleres de comunicación en case setenta puntos da xeografía galega, levando estes obradoiros a miles de alumnas e alumnos da nosa comunidade.

A Obra Social ‘la Caixa’ está a levar esta iniciativa a outras cidades e comunidades autónomas, onde xa hai algúns anos que se puxo en marcha o proxecto. Cataluña, Sevilla e Madrid son algúns deses lugares onde se veñen celebrando obradoiros de similares características.

O BNG do Rosal consegue que o Concello busque nas dependencias municipais varios elementos do patrimonio

No pleno do mes de marzo o grupo municipal do BNG presentou unha moción na que se achegaban datos sobre varios elementos do patrimonio rosaleiro desaparecidos desde hai xa anos e que, segundo a testemuña de varios veciños, foran retirados da súa localización por operarios municipi-

pais para proceder á súa restauración sen que volvera a saberse deles. Trátase concretamente das cruces de Parada (Novás) e da cruz do Couso.

A portavoz municipal do BNG, Ánxela Fernández Callís, defendeu a moción conseguindo o compromiso da alcaldesa de buscar e volver a colocar as citadas cruces, se ben dixo des-



coñecer o feito de que a cruz do Couso tivera desaparecido.

Concurso de Xoves Intérpretes “Antonio Granja”

O concurso de Xoves Intérpretes “Antonio Granja” naceu coa idea, nas súas pasadas edicións, de ser un estímulo máis no estudio dos alumnos da escola de música da Agrupación Musical do Rosal. O concurso leva o nome de “Antonio Granja” en agradecemento a este socio fundador, pola súa inestimable dedicación á Agrupación Musical do Rosal dende a súa creación.

A cuarta edición deste concurso terá lugar os días 26 e 27 de maio no Auditorio do Rosal. De novo, unha das súas categorías estará aberta a xoves participantes (de entre 17 e 23 anos) de calquera procedencia, que contará cuns atractivos premios (500, 300 e 200 euros), e terá o aliciente especial de



que o gañador gozará da oportunidade de actuar como solista coa Agrupación nun concerto posterior.

Isto supón un enorme esforzo organizativo e económico para a Agrupación, que tamén conta co apoio, coma sempre, do Concello do Rosal, a Fundación O Rosal e a Comunidade de Montes de Sta. Mariña, aparte de empresas e comerciantes da bisbarra que tamén quixeron colaborar no proxecto. O prazo de inscrición está aberto ata o próximo 27 de abril.

Presentación do itinerario formativo ‘Coas Mans na Masa’ a impartir no GDR 14

A Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, entidade responsable da execución da Medida Leader 2014-2020 no territorio do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) 14, presenta este mércores 18 de abril no Salón de Plenos do Concello de Oia o seu Itinerario formativo “Coas Mans na Masa”, dentro da Escola Eurural creada no ano 2017 por esta entidade.

Trátase dun curso formativo que se impartirá nos concellos de A Guarda, O Rosal, Tomiño, Oia, Baiona, Gondomar, Mos, Redondela e Pazos de Borbén e está

destinado á poboación en xeral de todo o territorio do GDR 14 (os citados máis Fornelos de Montes, O Porriño, Tui e Nigrán).

A acción formativa pretende completar a actividade realizada o pasado ano co Itinerario “Cos Pés na Terra” que versaba sobre actividades relacionadas coa produción primaria. Nesta ocasión, se quere achegar á poboación o coñecemento necesario para elaborar de forma artesanal todo tipo de conservas.

Cada acción está organizada para un total de 15 participantes e a inscrición poderá realizarse a través da web www.eurural.org.

O goberno de Tui leva a comisión informativa o proxecto de orzamentos

O próximo xoves, 19 de abril, celebrarase no Concello de Tui Comisión Informativa de Contas na que se someterá a ditame o proxecto de orzamentos municipais de 2018, tras realizar unha serie de modificacións no documento incorporando as peticións realizadas polos grupos políticos da oposición.

Na modificación destaca o incremento en 32.100 euros a partida do Servizo de Axuda no Fogar e Dependencia que pasa a contar cun crédito de 197.100,96 euros. Por outra parte incrementase en 5 mil euros partida destinada ao mantemento dos centros educativos que pasar a estar dotada con 55 mil euros, e en mil euros sobre a partida des-

tinada a actividades de interese social que pasará a ter un crédito de 7 mil euros.

Por outra parte crease unha partida de 8.200 euros para execucións subsidiarias no conxunto histórico, consígnanse 12.100 euros para o elaboración e implantación do Plan de Emerxencias Municipal, 15 mil euros serán destinados ao festival Arraianos, e 18.148,70€

establécense para realizar as modificacións puntuais do PXOM.

O equipo de goberno levou a cabo estas modificacións no proxecto de orzamentos municipais tras escoitar as peticións dos grupos da oposición e co obxectivo de que as contas deste 2018 poidan ser aprobadas no pleno ordinario deste mes de abril, logo de que quedaran sobre a mesa en marzo e foran retiradas da orde do día no de febreiro. O alcalde, Carlos Vázquez Padín,

sinala que se fixo un importante esforzo para poder incorporar boa parte das solicitudes feitas polos grupos da oposición a este proxecto de orzamentos, nomeadamente, sinala, as que eran compartidas por todos os grupos coma o aumento do gasto en dependencia ou a modificación dos Perí's de San Bartolomeu no PXOM.

Contar cunhas novas contas – actualmente están prorrogadas as de 2016 – é fundamental para Tui.



VII RUTA DO PINCHO
.....Redondela.....
20 - 30 abril
2.75 PINCHO + BEBIDA

BEBIDA:
 VIÑO,
 CERVEZA, AUGA
 OU REFRESCO,
 COMPATIBLE COA
 PROMOCIÓN EN CADA
 ESTABLECIMENTO.
 PREZO DO PINCHO SÓ 1,50 €.

Descobre unha nova forma de facer a RUTA DO PINCHO
RESERVA UNHA RUTA GUARDA CO PATROCINIO DE ALTOS DE TORONA
 Infórmate sobre premios e sorteos en EMPRESASREDONDELA.COM

Logos of sponsors: ALTOS, Alcora, Mahou.

A ampliación do CEP Altamira xa ten permiso do Concello



A Xunta de Goberno de Salceda de Caselas deu luz verde ao proxecto de ampliación do CEP Altamira presentado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O proxecto, por un valor de 545.042 €, suporá a demolición da cuberta do edificio administrativo, para posibilitar a ampliación do edificio existente en 297,15 m², nos que se habilitarán catro novas aulas, aseo adaptado e almacén de limpeza. A obra conleva así mesmo a construción dunha pasarela que comunicará este co edificio principal.

O CEP Altamira, único centro de primaria existente en Salceda de Caselas, atende este curso a 587 nenos e nenas. Dito colexio conta na actualidade con liña 5 no primeiro ciclo e con liña 4 no segundo e terceiro ciclo, con previsión de que a liña 5 se vaia implantando en tódolos niveis nos vindeiros

anos polo alto índice de natalidade existente no municipio. Nos últimos anos lévanse eliminando aulas como as de psicomotricidade ou música para dar cabida ao aumento de alumnado, e este curso 2017/2018 eliminouse unha nova aula de usos múltiples para implantar unha nova aula de 1º curso. Así pois, a situación de masificación do centro é límite, polo que Concello, ANPA e o mesmo colexio tiñan solicitado a ampliación do mesmo en numerosas ocasións, sen que ata o de agora fora atendida esa petición.

O Goberno congratulouse de que por fin a Xunta de Galicia decidise cumprir coas súas obrigas, aínda que lamenten que non se decantasen por un proxecto máis ambicioso, sendo conscientes de que a ampliación que agora se aproba é unha solución a medio prazo pero que non soluciona o problema dun xeito definitivo.

NOVAS DA RAIA

Residência “Vértigo: Une Lumière Fugitive” promove workshop aberto ao público

A Fundação Bial de Arte de Cerveira acolhe, de 16 a 28 de abril, o projeto “VÉRTIGO: Une Lumière Fugitive”, uma investigação ligada ao teatro que reúne sete artistas em residência. A iniciativa inclui um workshop aberto ao público, que irá decorrer no dia 21 de abril.

“VÉRTIGO” formula, por meio de uma composição dramática, uma pergunta dirigida ao público de modo claro e simples. É possível hoje, um sonho co-

letivo que não gere pegadas de dor? Trata-se de uma reflexão em movimento sobre a atualidade, o valor e o sentido da arte através do jogo, provocador e clarificador, crítico e festivo, o teatro.

O processo de investigação e a composição conta já com 8 anos de procura, de diálogo e de definição, tendo sido escolhido o concelho de Vila Nova de Cerveira para promover a última das suas cinco fases: a composição de uma estrutura

de jogo teatral, o curso de teatro “O movimento espiral” e a apresentação ao público.

Assim, durante as duas semanas de residência, os objetivos serão trabalhar as linhas de investigação, promover um curso de teatro sobre o movimento espiral que ajudará os participantes a compreender os princípios que os guiam nesta trajetória (primeira semana) e, por último, apresentar a peça ao público (segunda semana).

Durante o encontro a com-



panhia irá dinamizar um workshop intensivo aberto ao público a 21 de abril, com a duração de 8 horas. Esta formação procura aproximar os participantes à compreensão na união do físico e do psíquico dos elementos e as relações tratadas no processo de aprendizagem, investigação e composição. Entre os temas serão explorados: a abertura do espaço, a presença e a luminosidade do corpo, a coluna e o movimento espiral, as mãos e os pés, o passo das atitudes aos gestos, o ritmo e a duração

justa das ações, tema e variações, diversidade e unidade, o trabalho com os tubos e o bambu, a canção e o texto.

De acrescentar que “UNE LUMIÈRE FUGITIVE” é um grupo de comediantes que se conheceu nos Cursos Internacionais de Pedagogia para o Teatro, ministrados em Barcelona entre 2007 e 2013, pela prestigiada pedagoga Monika Pagneux.

Artistas participantes: Vesna Puric, Moira Tan, Fiona Battersby, Anna Yen, Àngel Simón, Xela Marx e Boris Buscail-Tan

Migallas Teatro PRESENTA

VAI SER BOA!

Tickets de entrada disponíveis no Centro Cultural a partir do 14 de abril

21/04/2018 18:00
CENTRO CULTURAL

MIGALLAS TEATRO

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | Lingua

<https://www.facebook.com/MigallasTeatro> <http://www.migallas.com>

Migallas Teatro trae á Guarda o seu espectáculo musical «Vai ser boa!»

O Centro Cultural da Guarda acollerá o espectáculo musical «Vai ser boa!», do grupo Migallas Teatro, o vindeiro sábado 21 de abril ás 18:00 h.

A función baséase no popular libro-disco infantil «Pan de millo», publicado pola editorial Kalandraka, dirixido ao público familiar. A obra componse de cancións infantís e versións de temas tradicionais como «Pinocho», «O espantallo divertido», «Eu teño un canciño», «Miña abuela Manuela» ou «Unha vella tiña un can», producidas por Paulo Nogueira e Magoia Bodega, do grupo Treixadura.

A música do espectáculo está gravada, mais as voces solistas serán en vivo, polo que as cativas e cativos poderán introducirse nesta comedia musical da man dos seus protagonistas: a panadeira

(María Campos) e o panadeiro (Carlos Yus). Os temas que se tratarán no espectáculo serán, entre moitos outros, a importancia da relación entre avós/avoadas e as súas netas e netos, a transmisión da lingua a través da cultura tradicional e o coidado e respecto aos animais e a natureza.

As estradas para asistir á función poderán recollerse dende o sábado 14 de abril no Centro Cultural, en horario de 10 a 13 h. De luns a venres, os tickets estarán dispoñibles de 10 a 13 h e de 17 a 20 h, ata completar as prazas dispoñibles.

Esta é unha actividade organizada pola Concellería de Cultura do Concello da Guarda con motivo do Día Internacional do Libro (23 de abril), contando co financiamento da Deputación de Pontevedra ao abeiro das subvencións provinciais para a dinamización lingüística.

MARTIRENA



FUCO PRADO



Óptica mahen

mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

LETRAS GALEGAS 2018

Alfredo P. Guisado, figura fulcral no deserto do tempo

Por Daniel Lago Leirós

Pediram-me para escrever neste especial sobre o día das letras galegas de 2018. Não posso mais que tomar o convite e começar a tarefa. Uma tarefa para mim distante e estranha, eu que não sou um homem da cultura, eu que não sou um literato, nem um professor de literatura, nem pretendo se-lo, tenho que escrever sobre a autora homenageada pela Real Academia Galega neste 2018.

Não sendo uma pessoa da cultura, tenho que levar a água ao meu rego. Não tenho outro jeito. Assim, tenho que levar esta data para o “lado escuro” no que transitam as minhas escritas. Nesse “lado escuro” e caído numa longínqua invisibilidade dos autores que não são hoje em dia politicamente corretos. Neste sentido temos todos e todas nós na mente ao Carvalho Calero. Está bom, ele é um bom “topic” para um artigo sobre as letras galegas. Embora, está na minha pretensão ir para além de esta rein-

dicação de muitos anos atrás.

Quero trazer ao nosso tempo, quero transcender o passo do esquecimento e trazer para o século XXI a figura do Alfredo Pedro Guisado. Uma figura, tanto no cultural, no político e no simbólico que deveria ser homenageada num destes anos, se existira algo de dignidade e valentia na Real Academia Galega, como eixo fulcral da celebração do día das letras galegas. Um homem que fixo de Lisboa o seu país e da comarca do Condado o seu fogar.

Neste sentido, o Alfredo Pedro Guisado foi uma personagem avançada ao seu tempo, no qual emergiu entre as vanguardas criativas que percorriam a Europa nos anos 1920 e que soube recolher muitos destes novos “ismos” como membro da geração da 1ª revista “Orpheu” da qual, junto com o Fernando Pessoa, formaria parte.

Para além de ser uma figura relevante na história da vida política de Portugal, o nosso bem-querido Alfredo Pedro Gui-

sado, teve um papel destacado na expansão de novos ideais de progresso e de reivindicação social, sendo a través da sua obra poética intitulada “Xente d'aldea” que expressaria muito do pensamento galeguista dos começos do século XX.

Se bem, esta obra fica no deserto do tempo, ao igual que o próprio autor. Uma obra na que ficam declarados muitos dos princípios do agrarismo e da qual o próprio Castelão será o que desenhe a capa original, da primeira edição original tirada em Lisboa.

Uma figura fulcral, esquecida desde as instituições públicas, como parte dessa história difusa que foi a emigração galega a Lisboa, uma emigração que marcou para sempre o carácter mesmo da cidade e que pela contra segue a ser desconhecida a ambas beiras do rio Minho, já que forma parte de essa história que molesta mais ao relato do oficialismo.

Uma contingente obra como jornalista e como poeta, muita



dela escrita na norma portuguesa e uma obra que teria que ser de leitura obrigatória nos cursos de ensino do nosso país; “Xentes d'aldea” onde conjuga perfeitamente o mo-

dernismo, as vanguardas e o cosmopolitismo no que encheu para na revista “Orpheu” e o tom mais reivindicativo e galeguista do seu compromisso com Galiza.

Un can de mentira

X. Santiago Paramos

Aquela noite de inverno case non se podía andar con tanta neve: Quedamos abraizados ó ver chegar a miña avoa cun cesto cheo de mazás na cabeza e un cadeliño na abada.



O de vir coas mazás, facíao tódolos invernos nas vésperas de feira. Tiña por costume durmir na nosa casa, para pola mañá cedo coller o coche dos Farruquiños, pero o do cadeliño foi novidade. Era tan pequeno que parecía un nobelo de lá. Dixonos que o topara no camiño e como lle deu mágoa, tróuxonolo para nós que non tiñamos can.

Vin como ía medrando aquel nobelo de can que resultou ser moi xoguetas, pero tiña un aquel que non me gustaba nada: cando non estaba con el, trabáballo a todo canto animal tiña no eido; non quedaban nin pitos, nin gatos, ata se botaba ós cabritos. Así que, moi a pesar meu e del, fixenlle un collar do cinto que eu traía posto e prendino ó pé da meda. Deume tristura pois cando o levaba comigo non se movía da miña beira, inda para máis, comprendía tan ben o que lle dicía

que as veces dábanme gañas de contarlle as miñas penurias.

Un día veunos un arrieiro a labrar cos bois, mirou o cadeliño e gustoulle tanto que mo pediu para levalo de caza. Eu como non quería telo encadeado, díxenlle que llo regalaba con collar e todo, non sen antes avisarlle da maldade que tiña o animal. Agradeceumo; e despois dunha longa risada, aseguroume que esas mañas quitáballe el.

Ó pouco tempo, mireino gradando unha veiga. Contoume que xa o ensinara a cazar pero cando collía os coellos fuxía con eles e comíalos. Doutra volta vino na taberna e achegueime para preguntarlle. Contestoume retorcendo o fociño:

— Leveino de caza, pero con tan mala sorte, escapouseme un tiro e mateino.

Un veciño do arrieiro que estaba escoitando, contoume o acontecido:

O tiro non se lle escapara. Leváralo el a propósito para matalo despois de que lle esnaquizara as galiñas todas.

Pola mañá cedo vin un raposo deitado ó pé da meda. Pero logo me din de conta que era o meu can polo cinto que eu mesmo lle puxera no pescozo.

Miroume cos ollos do que vai morrer, moveu o rabo dúas veces e amouchou a cabeza entre as patas de adiante.

Vin que estaba todo cribado de perdigóns e perdera moita sangue.

Como puiden quiteillos e fixenlle as curas como se fose unha persoa. En pouco tempo xa estaba guicho e despois de fartarse a comer fuxiu.

Como todo se sabe. Resulta que miña avoa, criou un raposo que o cruzaba cunha cadeliña e nacíanlle raposocans. Mentiume ó dicir que o topou no camiño.

O cazador, dixo que o matou sen quere e mentiume.

O can raposo fíxose o morto para que non lle deran máis tiros, pero era mentira.

Eu penso que o mundo está cheo de raposocans.

Xosé González Martínez, Presidente do Foro E. Peinador

Treixadura

Asistín ao concerto de presentación do novo disco do grupo “Treixadura” e saín reafirmado, unha vez máis, na miña convicción de que é a agrupación que mellor representa a nosa tradición musical. Non hai moito afirmaba nunha colaboración publicada aquí que o milagro de Treixadura é facer bailar e cantar a nenos e maiores, transmitíndolles a forza emotiva do noso Cancioneiro popular. Tal cousa pasou no Teatro García Barbón en Vigo a pasada semana, cun aforo de 994 prazas repartidas entre un patio de butacas e tres anfiteatros. A forza telúrica que insuflaba o programa musical no público era de tal intensidade que, Martiño, un rapaciño de apenas nove meses aguantou todo o concerto, contomeándose e movendo os brazos coa emoción que lle producía a música que escoitaba; o mesmo facía, a señora Maruxa, que seica acababa de

cumprir cen anos, que non eran estorbo para que bailase e cantase sen parar. Velai a maxia da nosa música.

“Inda canto!”, que é o título do novo disco, recolle un repertorio variado no que inclúe foliadas, pasodobres, e muiñeiras. Unha delas da autoría de Xaquín Xesteira, ese músico de extraordinaria versatilidade, sobre un poema de Ramón Cabanillas, “Muiñeira da Revolta”. Este novo disco é unha contribución máis que arrequece o noso patrimonio musical en tempos nos que os ventos da globalización ameazan a nosa singularidade cultural.

O orfeón de Treixadura que leva a voz cantante, está formado por tres baixos (Ramón Martín, Gustavo Cuntín e Álvaro Lamas); catro barítonos (Quico Obelleiro, Paulo de Rei, Xurxo Raposo e Antón Cabaleiro), e tres teores (Antón Fontenla, Alberto Raposo e Anxo Xesteira), complementado cos instrumentistas Paulo

Nogueira, Xaquín Xesteira, Toniño López, e a única muller, Magoia Bodega, que son quen de executaren coas gaitas, acordeón e percusión excelentemente o repertorio editado neste novo disco.

Polo que sabemos, de aquí a fin de ano, Treixadura xa ten contratados ao pé de trinta concertos, que non son poucos. Isto demostra que os seus concertos interesan porque concentran a milleiros de persoas, moitas delas procedentes de lugares distantes, que acuden engaiolados pola música deste grupo que hoxe en Galicia é o símbolo da pervivencia do noso acervo musical; son os herdeiros de coñecidas agrupacións corais, as máis delas fundadas polas activas Irmandades da Fala que souberon mirar na nosa música tradicional un medio para chegar á alma do pobo e avivala.

Os concellos galegos, que deberían programar as súas festas maiores contratando a Treixadura, pensando en daren exemplo ás comisións de festas parroquiais, as máis das veces sometidas á vulgaridade

de actuacións musicais de pouco gusto e de considerable custo económico. É ben triste observar o comportamento da xente ante as actuacións desas coñecidas orquestras, incapaces de transmitir sentimentos como o fai Treixadura, entusiasmando ao público.

As festas son espazos lúdicos que debemos aproveitar para elevarmos o nivel de conciencia galega nas nosas xentes e o orgullo polo propio. Velai o gran labor que está a facer Treixadura en Galicia. Cada actuación súa é unha torrenteira de emocións e sentimentos que temos que agradecerlles. Os concellos e as comisións teñen a palabra. O público agradeceírallo.

Con Treixadura é posible facer realidade o desexo de termos mil festas máis para a lingua galega.



Nemésio Barxa

Pertinàcia

Pouco aprendemos dos erros do pasado, especialmente se os erros perjudican a outros e non aos que os provocan ou protagonizan. Pensar que ao Bush ou ao Aznar lle tira o sono que polo erro (erro?) de considerar a existencia de armas de destrución masiva ocasionaron a aniquilación de centos de miles de persoas a devastación de países inteiros e a continuidade no tempo de todo o horror provocado, sería pura endrómia. Non semellam arrependidos nem parece que de ver-se en outra semellante fose máis coidadosos, porque en definitiva aos que deciden as guerras non lles fai comoção as mortes e a devastación dos povos. Daquela nada lles importou nem o clamor mundial em contra da invasión nem todos os informes dos inspectores da Agencia da Enerxía atómica, de que non se tinha detectado a existencia de armas de destrución masiva. Abrindo assim a antelara do actual estado de terror.

Muito menos aprendemos de erros alheios. E assim o Donald Trump, Theresa May e Emmanuel Macron, na madrugada do día 14, desencadearon um ataque contra Síria, no que lanzaron mais de 100 mísiles dirigidos contra uma série de objectivos entre os que chegaram a ser atingidos um centro de investigação científica, dois armazéns (supostamente) com armas químicas e um centro de mando. Foi um amago limitado de ad-

vertência aos rusos

Tambem neste caso sem haver iniciado a investigação tanto de se as mortes em Duma foram consequência de um ataque com armas químicas como, em caso afirmativo, quem seria o responsável, pois até agora a “seguridade” de que presume Trump basease exclusivamente em informações de imprensa e de inteligência. Os inspectores internacionais para realizar a investigação sobre o terreo chegaron a Síria o mesmo día do ataque, polo que nenguma seguridade existe nem da realidade do ataque com armas químicas (o do ataque foi uma realidade) nem, no seu caso, a autoria. Sempre partindo de que o uso de armas químicas é rejeitavel e duramente sancionavel por ser um crime contra a humanidade..

O ataque realizou-se desde navios e cazas de França, Inglaterra e EEUU, parte de estes últimos com base em Zaragoza e Rota, justificando imediatamente a operação o Sr. Rajoy, mais discretamente que seu antecesor do PP, mas com total entrega. Também, como o Sr. Aznar deve ter a convicção absoluta de que se están a desenrolar armas químicas em Síria e que foram utilizadas por Bachar al Asad em Duma.

De todo o publicado o que me parece mais curioso é que lancem um ataque com mísiles contra centros ou edificios nos que, afirmam, existe armazenamento e fabricação de armas químicas e bioló-

gicas, suspeitando que numa delas ficam armazenadas as principais reservas de gas sarim que tem Al Asad. Se impactam mísiles em lugares onde se armazenam gas sarim e outras armas químicas e biológicas o normal é que o gas armazenado se expanda no seu arredor como ocorreria se o armazenado fosse explosivos. Polo tanto ou som uns insentados criminais que não lhes importa a possibilidade de que uma nube de gas tóxico se estenda sobre parte de Síria ou bem fígerom o paripé na seguridade de que, alomenos nos objectivos bombardeados, não existiam armas químicas e polo tanto não se derivariam outros danos colaterais que a morte de uns quídum qualquera que andariam por alí e que só significaría uns números no difícil estadilho de mortos nesta guerra.. Outro argumento em contra dos motivos de esta agresão é que anos atrás destruíron-se, baixo a supervisão da ONU, todas as armas químicas que almacenava Síria.

O reino de Espanha mentras tanto vende armas e navios ao estado mais corrupto, belicoso e indiferente aos direitos humanos, que é Arabia Saudita.

O ataque não tivo muito sucesso, mais alá de sobressaltar ao mundo com as consequências de esta acção: os resultados de tanto misil, se é certo que só houve 7 mortos foram bem cativos e se também é certo que os mísiles foram maioritariamente interceptados, polo que a destruição pretendida de algún aeroporto fracasou. Evidentemente o motivo não era anular

os supostos armazéns de armas químicas (tal vez sim desmantelar aeroportos militares, missão na que parece que fracasaron), tampoco foi uma arroutada (como demonstra seu calculado limite) nem iniciar uma confrontação bélica com Rusia e China. Poderia ser, penso, o inicio de uma guerra comercial com ambas potencias, planificada para impedir a progressão de Rusia e China em países que ainda contornam na órbita de dependencia dos EEUU. A infiltração comercial de China nos países occidentais, muitos deles sumisos a EEUU resulta evidente e pode ser esta acção um chamado a rebato de EEUU a países dependentes; podemos ficar tambem no inicio de uma nova divissão do mundo em dous blocos... comerciais, ou em ganhar a batalha a Rusia procurando seu aihamento.

De momento a União Europeia, por boca da chefe da diplomacia comunitaria “entende” o bombardeo, mas não o apoia ainda que condena (como deve condenar qualquera home sensato) o emprego de armas químicas. De momento nem Trup, nem May nem Macron obtiverom apoio unânime e som muitos os países, incluso europeus, que rejeitan a agresão.

Semella obrigado dizer que muito olho com Asad e seus aliados.

Quinta do Limoeiro, abril de 2.018.



MISCELANEA

O BNG reclama a expropiación dos terreos do Camping Baiona Playa e a súa reubicación

En relación ás últimas informacións relacionadas coa permanencia dos bungalows ilegais no Camping Baiona Playa” O grupo municipal do BNG-Asembleas Abertas en Baiona non só manifestou e se personou como demandante diante desta situación, sinón que propuxo en todo momento que a única opción válida sería a expropiación dos terreos, vendidos no seu día polo Estado Español, e a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal co fin de establecer unha ubicación alternativa á actual.

A situación de irregularidade dos bungalows non é nova e si non repuxo a legalidade todavía foi porque a dirección do Camping e diversos gobernos municipais, en maior ou menor medida, actuaron en colaboración para que non se acadase unha resolución firme. Non se escapa tampouco á arbitrariedade xudicial, nada par-

cial nas súas resolucións, que permitiu que unha cuestión xuzgada e sentenciada desde o ano 2.001 continúe todavía sin executarse.

Xa no recurso contencioso-administrativo que o BNG presentou no ano 2014 sinalábase que na demanda e no escrito de conclusións o Camping Baiona Playa solicitaba que se lle concedera a oportunidade de iniciar un proceso de legalización, cando precisamente non podían dar queixa da laxa actuación administrativa e das oportunidades concedidas para iniciar o dito proceso de legalización. De feito este procedemento estivo suspendido durante un ano para dar unha nova oportunidade ao tan mencionado proceso de legalización que unha vez máis se viu abocado ao fracaso. De feito, no seu escrito de conclusións contestou ao BNG, en lugar de rebater ao Concello de Baiona. O tempo que se pediu sño tiña

unha finalidade, voltar a gañar tempo para ganar tempo e seguir explotando o Camping. Volve o Xuzgado do Contencioso-Administrativo, coa resolución actual a facilitar esta estratexia, demorando até o infinito unha situación ilegal que beneficia ao infractor. A xerencia do Camping Baiona Playa riase da xustiza, do Concello de Baiona e por extensión de todos os baioneses e baionesas. Si realmente houbera unha intención de legalización por parte da infractora, ésta debería solicitar unha licenza e presentar un proxecto técnico completo. Non o fai porque lle convén que non se resolva a cuestión fundamental: a manifesta ilegalidade da instalación dos bungalows nun espazo protexido.

O BNG non quere que Baiona deixe de contar cunha infraestrutura hoteleira que é beneficiosa para o turismo, precisamente por iso mesmo demanda o cumprimento da legalidade.

Só a través dun servizo turístico sostible e respetuosos co noso entorno Baiona pode

seguir sendo un destino turístico sen igual. A única solución válida é recuperar a titularidade pública duns terreos incluídos na Rede Natura 2000 e a presentación dunha alternativa no Plan Xeral de Ordenación Municipal que permita o traslado ou a ubicación dun novo campo no entorno da parroquia de Santa Cristina, proceso que debe realizarse en constante diálogo entre todas as Administracións Públicas e a veciñanza de Baiona.

Por elo o Goberno Municipal, si quere deixar de facerlle o xogo dilatorio a quen incumple a sabiendas a legalidade, debe asumir a responsabilidade e sumarse a unha demanda xa clásica do BNG, instar ao Goberno

do Estado para que expropie os terreos que no seu día vendeu (instancia que reclamou en varias ocasións o BNG no Congreso dos Diputados) e modificar o PXOM para posibilitar que siga existindo un camping na nosa localidade.

O Grupo Municipal do BNG agarda que non teña que suceder como no caso do campo de golf, onde o Goberno Municipal do Partido Popular tivo que aceptar os postulados que manifestou o BNG no seu programa electoral, aceptándoos só cando xurdiron as demandas veciñais, en troques de actuar responsablemente e poñendo os intereses de baioneses e baionesas por riba dos dunha empresa privada.



LIBROS


Chove Miudiño

Sobre “Amagos” (interioridades) de Antonio Troncoso de Castro por Vicente Araguas

Préstame ler nestas alturas da vida nas que me atopo, máis que ubicado no que Jorge Manrique chamaba “arrabal de seductud”, o verso pequeno, pero altivo (de altura, digo) de Antonio Troncoso de Castro. Un home activo, un home que non quere xubilarse nin reformarse nin –moito menos– aposentarse, que das tres maneiras pode definirse no noso ámbito e no veciño luso o acougo logo da vida laboral acostuada. E poisque Troncoso de Castro segue bulindo a súa poesía é tamén bulidora. Con ese ritmo e esa inspira-

ción que ten moito de fervenza popular. Eis os versos deste home que para poetizar bota man da vella lingua galega. Esa que de puro chober miudiño non hai quen a dea parado. E alá vai, nestes versos, a nos enchoupar de forza melancólica, de saudades e soidades (as que cura Don Antonio na Xuntanza dos Galegos en Alcobendas), de amor a unha Terra que nunca está lonxe porque sempre está en nós, entranada en nós (nunca estrañada). E para falar de Galicia, para falarse, pois, Troncoso de Castro, fai por mirar no espello da nenez,

da mocidade, agora que os anos foron pasando con mesura de río lento, de río a modiño, de río miúdo como estes versos cheos de sosegó, de señardades, do confort que dá o se saber arroupado polo capote do pensamento sereno. E sabedor e sabido. Son os poemas desde autor dunha lunxitude breve, cáseque mínima, mais a desenguedellar un pensamento longo, altivo, desde unha altura e altitude de miras que non se contradí con tres versos do poema “O día” onde se define con total exatitute unha xornada. Un xeito ou maneira de ollar a vida, de Antonio Troncoso de Castro que serve de manual ou breviario. Que chove miudiño. Como verso popular que Rosalía fixera eterno. Longa vida tamén para estes versos.



Assembleia da República comemora o 25 de abril com exposição da Coleção do Museu Bial de Cerveira

73 obras da Coleção do Museu Bial de Cerveira vão ser apresentadas na Assembleia da República, no âmbito das comemorações do 25 de abril de 1974 e dos 40 anos da Bienal Internacional de Arte de Cerveira. A exposição “Arte, Resistência e Cidadania” leva à casa da Democracia, a partir de 19 de abril, artistas que marcam a evolução da arte contemporânea em Portugal.

No ano em que se assinala o quadragésimo aniversário da Bienal Internacional de Arte

de Cerveira, a Fundação Bial de Arte de Cerveira (FBAC) promove, em parceria com a Assembleia da República, uma mostra de fotografia, pintura, desenho, escultura, serigrafia e instalação de 68 artistas. Trata-se de uma exposição de autores que integram a Coleção da Fundação Bial de Arte de Cerveira, composta por cerca de 600 obras de arte contemporânea.

Segundo o Presidente da FBAC, Fernando Nogueira “esta mostra é o reconhecimento do

prestígio da bienal de arte mais antiga do país e da Península Ibérica, também ela consequência do 25 de abril, da sua utopia e ânsia criativa”.

A exposição “Arte, Resistência e Cidadania. Os artistas da Bienal Internacional de Arte de Cerveira e a Democracia” propõe, assim, uma reaproximação histórica e física ao panorama artístico português e internacional, a partir de uma das manifestações mais marcantes das artes plásticas

do país.

“Esta mostra é também uma paragem obrigatória de uma viagem que se prolonga até Vila Nova de Cerveira, de 10 de agosto a 23 de setembro, na XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira, onde a experimentação artística, a investigação e a atividade expositiva como meio de reflexão sobre a cultura visual contemporânea têm lugar cativo”, acrescenta Fernando Nogueira.

As visitas guiadas à exposição exigem marcação prévia,



sendo que a curadora da exposição Helena Mendes Pereira estará disponível no local, todas as quartas-feiras, a partir do dia 25 de abril de 2018 e até à data de término da exposição, 26 de maio.

Cerveira vive Festa do Livro e da Leitura ao longo de oito dias



Mais do que uma mostra de publicações, a Festa do Livro e da Leitura de Vila Nova de Cerveira privilegia a celebração do conhecimento. De 17 a 24 de abril, a Biblioteca Municipal acolhe a XXIX edição da iniciativa, com uma diversidade de propostas culturais e literárias dirigidas à comunidade escolar e público em geral.

Incentivar o gosto pelo livro e a prática pela leitura é o objetivo transversal a todas as feiras do livro, mas a forma de o alcançar pode e deve ser anualmente reinventada para continuar a cativar diferentes públicos. E em Vila Nova de Cerveira prima-se pela realização de atividades que promovam o contacto, o envolvimento e a interação entre os presentes, conjugando apren-

digação com diversão.

Assim, a programação da XXIX Festa do Livro e da Leitura é diversificada e apelativa, com momentos exclusivos para as escolas, com sessões de cariz familiar para pais e crianças, e com propostas que convidam o público em geral a participar.

De sublinhar que a presença de crianças e jovens neste evento é fator preponderante para a autarquia da ‘Vila das Artes’. Fazê-las viver o ambiente do mundo das letras, pelas brincadeiras e narrações de histórias ao vivo, contribui para elevar o interesse e a motivação pela leitura.

Programação:

Dias 17 a 20: Encontros com os escritores António Mota, Adelaide Graça e João Manuel Ribeiro (sessões escolares)

Dia 21: - Navegações – Oficina de Plástica – ‘(Re)crie a escultura do Mestre José Rodrigues’ (crianças e famílias) | Associação Cultural Convento S. Paio | 11h30

- Apresentação da Revista Nova Águia (Vol. XX e XXI) com testemunhos para José Rodrigues, na presença de Luandino Vieira, Manuel Cabral e o Diretor Renato Epifânio (público em geral) | Associação Cultural Convento S. Paio e Porta XIII | 17h00

Dia 22: Apresentação do Livro “Os Rostos e os Lugares” de Inácio Nuno Pignatelli, com momento musical protagonizado pela Academia de Música Fernandes Fão (público em geral) | 15h30

Dia 23: Comemoração do Dia Mundial do Livro - Encontro com a escritora Lara Xavier (ensino pré-escolar)

Dia 24: Sessão de poesia em homenagem a António Gedeão “Arma secreta” com Andreia Macedo e Zé Luís C (alunos do secundário e público geral) | 14h00

Concerto comemorativo 25 de abril em Valença

Casa Clandestina” é um espetáculo que pretende fazer uma visita ao primeiro álbum de Zeca Afonso com material composto depois da revolução. “Talvez mais do que qualquer outro, “Com as Minhas Tamanquinas” é uma interpelação concreta de José Afonso aos tempos que então se viviam.

Os episódios polvilhados pelo álbum, deixando de ter de atirar farpas sob uma capa de camuflados segundos sentidos, chamam abertamente os bois pelos nomes. A liberdade plena soa esplendorosamente, pela primeira vez, na obra de José Afonso”.

Hélder Costa, Daniel Pereira, Mário Gonçalves, Diogo Cocharro, Jinho Correia proporcionam um concerto intimista com novos arranjos dos temas que compõem o álbum “Com as Minhas Tamanquinas”.

No Auditório CILV o 24 de abril as 21h30

NOVAS DA RAIA

Xantar da LVIII Festa da Lamprea

Un ano máis o Concello de Arbo, organiza o Xantar da LVIII Festa da Lamprea, para dar a coñecer o noso afamado produto por excelencia, a Lamprea e os nosos viños, que se celebrará o vindeiro sábado 28 de abril,

no restaurante "Os Pirús", cun menú no que se poderá degustar lamprea "estilo arbense" e rechea con salpicón, entre outros manxares propios da terra.

Este tradicional xantar, acto central e principal do evento, supuso no ano

1961 a orixe da Festa Gastronómica máis antiga de Galicia, cando un grupo de veciños e responsables de varios restaurantes e adegas organizaron a primeira edición co obxectivo de dar a coñecer este singular produto así como

os excepcionais viños do municipio, hoxe acollidos á Denominación de Orixe Rías Baixas. Dende entón, Arbo celebra ininterrompidamente a súa festa máis importante do ano, Festa declarada de Interese Turístico Nacional.

A partir deste xantar orixinal, a Festa foi medrando e evolucionando ata chegar a converter esta efeméride en referente gastronómico nacional, que nesta edición espera superar os 35.000 visitantes da pasada edición.

Entre os actos a desenvolver durante esta intensa fin de semana festiva, destaca entre a completa e diversa programación para todos os públicos, ARBOMOSTRA 2018, que este ano alcanza a súa vixésimo cuarta edición. A Feira Agroindustrial e Artesanal da Bisbarra do Condado-A Paradanta contará cunha importante representación de adegas acollidas á DO Rías Baixas e restauradores, que ofrecerán degustacións de lamprea e viño a prezos populares. Tamén se poderán observar lampreas vivas en viveiros instalados para a ocasión e coñecer as últimas novidades do sector agroindustrial.

O xantar terá lugar no Restaurante Os Pirús ás tres da tarde do día 28 e ao prezo de 44,60 euros.

O menú consiste en: entrantes: lamprea rechea con salpicón; primeiro prato: Sabalo do Miño frito con brotes de ensalda e Lamprea do Miño estilo arbense con arroz e picatostes; segundo prato: Cabrito de San Fins ou carné estofada con guarnición; postre: brazo de xitano recheo de crema; inclúense tamén: viños brancos e tintos, viño espumoso zona do condado D.O. Rías Baixas, augas, refrescos e Licores D.O.

A data límite de reserva é o día 25.

LVIII FESTA DA LAMPREA **ARBO**

Os días 27, 28 e 29 ABRIL | 2018

Venres 27

17:30 h. Inauguración oficial de **ARBOMOSTRA 2018**
 18.00h: Pasarrúas a cargo de **CHARANGA NOROESTE**
 20:30 h. **GALA DA LAMPREA** no Auditorio do Centro Multiusos de Arbo.
 Amenizado por **ANDREA POUSA** e o **BRUXO QUEIMÁN**
 Pola noite, gran verbena coa Orquestra **OLYMPUS** na Praza Consistorio e **PELEPAU** en concerto na Praza do Mercado

Sábado 28

11:00 h. Pasarrúas a cargo da **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO**
 12:00 h. Concerto a cargo da **BANDA DE MÚSICA DE LA ESCUELA NAVAL MILITAR DE MARIN**
 De 11:00 h. a 23:00 h. Visitas a **ARBOMOSTRA 2018**
 12:30 h. Recepción de Autoridades no Concello
 13:00 h. Pregón
 13:30 h. Interpretación de Himnos pola **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO** na Praza Consistorio
 15:00 h. Xantar da Lamprea
 17:30 h. Pasarrúas a cargo das Charangas **CANTOS SOMOS** e **LEÑA VERDE**
 18:30 h. Actuación do Grupo Folclórico **ASOC. CULTURAL "A BARCA DE LOIMIL"** na Praza Consistorio
 19:30 h. Pasarrúas e concerto a cargo da **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO** na Praza Consistorio
 Pola noite, gran verbena amenizada polas Orquestras **CAPITOL** na Praza Consistorio e **LA OCA** na Rúa Luis Cubelas
SUPERNATURAL e **X-MATONE** en concerto na Praza do Mercado

Domingo 29

11:00 h. Pasarrúas a cargo da **BANDA DE MÚSICA DE SALCEDA DE CASELAS**
 De 11:00 h. a 23:00 h. Visitas a **ARBOMOSTRA 2018**
 12:00h: Pasarrúas a cargo de **CHARANGA MEKÁNICA**
 12:30 h. Actuación do Grupo Folclórico da **ASOCIACIÓN CULTURAL "A VELLA BARCA"** na Praza Consistorio
 13:30 h. Actuación de **ANDREA POUSA** e o **BRUXO QUEIMÁN**, en Arbomostra
 17:30 h. Pasarrúas polas Charangas **CHARANGA MEKÁNICA** e **LEÑA VERDE**
 20:30h: Exhibición do **GRUPO DE BAILE MEGADANCE de Arbo**, na Praza do Consistorio
 Pola noite, gran verbena amenizada polo Grupo **TEQUILA** e a Orquestra **MIRAMAR** na Praza Consistorio na Rúa Luis Cubelas

EN CASO DE MAL TEMPO AS ACTUACIÓNS REALIZARÁNSE NO AUDITORIO DO CENTRO MULTIUSOS OU NA CARPA DE ARBOMOSTRA

Festa de Galicia de Interese Turístico Nacional
 ORGANIZA: Concello de Arbo
 COLABORAN: XUNTA DE GALICIA, DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, GALICIA, ABANCA, SGO

XANTAR
LVIII FESTA DA LAMPREA
sábado 28 Abril 2018
 Hora: 15:00 horas

Menú: De Píru
 Entrantes: Lamprea rechea con salpicón
 Primeiro prato: Sabalo do Miño frito con brotes de ensalda e Lamprea do Miño estilo arbense con arroz e picatostes
 Segundo prato: Cabrito de San Fins ou carné estofada con guarnición
 Postre: Brazo de xitano recheo de crema
 Inclúense tamén: Viños brancos e tintos, viño espumoso zona do condado D.O. Rías Baixas, augas, refrescos e Licores D.O.

PREZO: 44,60 € (IVA incluída)
 Inscripción en internet: 25 de abril de 2018
 Inscripción presencial: 25 de abril de 2018
 Inscripción presencial: 25 de abril de 2018
 Inscripción presencial: 25 de abril de 2018

ARBO

SALCEDA DE CASELAS

Bocaselas prevé despachar máis de 7000 bocatas na súa primeira edición

O Concello de Salceda de Caselas xunto con 15 locais hostaleiros do municipio veñen de presentar o Bocaselas, a primeira ruta de bocadillos do municipio, que se celebrará os venres e os sábados entre o 20 de abril e o 12 de maio (ambos incluídos). Establécense dúas rutas diferenciadas: unha para os venres con 9 locais participantes, e outra para os sábados na que serán 6 os establecementos presentes.

Esta nova iniciativa xurde tralo éxito que está a acadar cada ano o Pincho Folk, que leva xa celebradas cinco edicións e que cada ano ten lugar



no mes de setembro. Créase unha nova ruta que neste caso se centrará nos bocadillos, que se venderán ao prezo de 1,50 €, podendo acollerse en tódolos

locais á oferta "bocatín + caña a 2,50 €".

Concello e sector hostaleiro van da man nesta nova iniciativa convencidos de que o pú-

blico de Salceda e arredores volverá dar unha resposta positiva, e tamén por iso se prevén premios para as persoas que degusten os bocatas en

varios establecementos, e que entrarán no sorteo de vales de compra para consumir nos locais participantes.

Loli Castiñeira, Concelleira de Comercio e Turismo, presentou o evento como una importante iniciativa para dinamizar o pobo e sobre todo os establecementos hostaleiros. "Pensamos en seguir organizando este tipo de eventos que apoién ao comercio local, neste caso á hostalería. O Concello plantexou a iniciativa e estamos moi satisfeitos coa acollida que tivo por parte dos diferentes establecementos e coa colaboración obtida dende o primeiro momento".

PP e PSOE forzan aos provedores a acudir ao Xulgado

Os provedores afectados pola negativa do PP e o PSOE a pagarlles as súas facturas veñen de presentar un recurso contencioso administrativo no Xulgado que lles permita cobrar o que lles debe o Concello. Despois de que o Equipo de Goberno levase en dúas ocasións ao Pleno o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito e que nas dúas ocasións tanto PP como PSOE impedisen a aprobación do mesmo, as/os autónomas/os e empresas afectadas

non lles quedou outra saída máis que presentar unha demanda xudicial, tal como xa fixeran no ano 2016 cando, ao igual que nesta ocasión, os grupos da oposición de Salceda se negaron ao pago das facturas pendentes, emitidas por diversos servizos e suministros feitos para o Concello.

Denuncian dende Movemento Salceda a enorme irresponsabilidade dos grupos da oposición antepoñendo unha vez máis os seus intereses sobre os intereses das empresas e

autónomos/as que traballan para o Concello de Salceda, e o que é máis grave, sobre os intereses dos propios veciños e veciñas. O Recoñecemento Extraxudicial de Crédito é unha figura legal que permite ás empresas cobrar polos seus servizos sen ter que recorrer aos xulgados, pero PP e PSOE empregaron unha vez máis a súa maioría para bloquear a acción de Goberno nunha novapinza que comeza a ser xa demasiado habitual.

Dende o Equipo de Goberno



de Salceda (Movemento Salceda) lamentan que a cuestión tivese que rematar por vía xudicial "polo afán de bloqueo da acción de Goberno por parte de PP e PSOE". O Alcalde, Marcos Besada, manifestou que "PP e PSOE seguen sen asumir a súa derrota nas urnas e que-

ren gobernar o Concello dende a oposición. O que están a facer cos provedores do Concello é verdadeiramente surrealista e moi grave, impedíndolles cobrar polos traballos realizados, e empregándoos como chantaxe ante o Equipo de Goberno".

Pizzeria D'Camilo
V.P. Vidal, 25
Salceda de Caselas
Telf.: 986 34 06 61

Bodega Z-9
C. Doctor Zúñiga N.º 11
Telf.: 986 34 78 07 - Salceda de Caselas

Citanía
Mobiliario & Descanso
Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas
Telf./ Fax : 986 34 06 06
www.facebook.com · info@citaniasalceda.com
www.citaniasalceda.com

LOURIÑA

O PORRIÑO

A Policía Local deu escolta a un piloto de rally no seu adestramento polos montes de Atios

Critican que se utilizaran terreos da comunidade de montes sen a súa autorización

O pasado 10 de abril, os veciños dos barrios de Alvarín e das Insuas, en Atios, víronse sorprendidos por un forte despregamento da policía local do Porriño. Varias patrullas e arredor dunha decena de efectivos, procederon a cortar o tráfico nun treito da pista que une os dous barrios e atravesaba propiedades da comunidade de montes de Atios.

Ante o balbordo e o forte ruxido de motores, varios veciños achegáronse ao torreiro do Roupeiro e alí comprobaron que se trataba dunha proba de rally, da que a comunidade non tiña coñecemento nin fora anunciada públicamente. Pero non era unha proba de competición organizada como tal, senon que se trataba do adestramento dun só coche. Ao parecer, segundo testemuñas presentes no lugar, o piloto era David Couceiro, fillo do dono da empresa González Couceiro S.L., adicada á xestión de residuos e moi coñecida no Porriño. Para poñer a proba o seu vehículo, contou co apoio logístico da Policía Local do Po-

rríño, así como dun amplo dispositivo de Protección Civil. O adestramento levouse a cabo entre as seis e as oito da tarde e implicou o corte ao tráfico de máis de dous quilómetros entre o Roupeiro e As Insuas. De feito, algún veciño das Insuas tiveron que agardar a que rematase o adestramento para poder dirixirse ás súas vivendas.

A comunidade de montes de Atios quere denunciar públicamente que se utilizaron terreos da súa propiedade, como é o torreiro de festas do Roupeiro, sen que mediase petición de autorización por parte do piloto interesado ou da propia Policía Local. Tampouco recibimos ningún tipo de aviso ou comunicación acerca da proba.

Criticamos que se permitan estas actividades no monte, xa que a comunidade de montes de Atios leva anos denunciando o tránsito indiscriminado de vehículos a motor (sobre todo motos e quads) polas pistas forestais. Temos noticia tamén de que de noite se realizou nalguna ocasión unha proba

clandestina de coches, con tramos cronometrados, por varias pistas forestais. Trátase dunha actividade prohibida, que causa graves danos ás pistas e camiños rurais, en cuxo mantemento a comunidade inviste unha considerable cantidade de diñeiro.

As denuncias son reiteradas, por escrito e vía telefónica, ante a garda civil, ante a policía autonómica ou ante a policía local. Lamentamos que ningún destes corpos de seguridade teña actuado con contundencia para combater estas actividades ilícitas, e daniñas para o monte. Polo menos non temos constancia de que a presenza de motos e quads en pistas forestais teña rematado.

Aínda que a proba do pasado martes puidera terse celebrado de acordo coa normativa vixente, non nos parece acertado a dispoñibilidade da policía local do Porriño para dar cobertura a unha proba coma esta, poñéndose ao servizo dun interese privado e particular, para un uso que consideramos incompatible coa contorna natural.

30ª Feira Apícola das Rías Baixas



Porriño foi a capital galega do mel, coa celebración da 30ª Feira de Apicultura das Rías Baixas. As feira iniciouse o venres 23 de marzo con actividades nas que participaron alumnas e alumnos do CEIP de Atios, ademais de talleres sobre trampas para vespas velutinas e elaboración de xabón con mel. Dende o sábado arrancaron as xornadas técnicas nas que se debaten temas coma os métodos de recolección –a cargo do doutor Félix Adanero–; control da mortalidade e produción intensiva –por David Sousa Alonso, técnico apícola en Eco Abeja S.L.– boas prácticas na alimentación apícola –con Fina Gonell Galindo de Pajuelo Consultores Apícolas S.L.– ou un taller de nutrición e alimentación das abellas.

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

**Especialidade en
rosquillas e melindres**



Rúa Reveriano Soutullo, Pontearéas

986 640 834

O PORRIÑO

Máis da metade dos parados que participaron no “Porriño accede” están traballando

O 56% das persoas en situación de desemprego que participaron o ano pasado no programa ‘Porriño Accede’, impulsado polo Goberno local a traveso da Concelleira de Emprego, están traballando, unha porcentaxe que non caso daquelas que recibiron formación específica para desempeñarse no sector da automoción achégase ao 74%.

En conxunto, en 2017, un total de 67 persoas atoparon traballo logo de ter completado este programa, o que representa o 55,8% de todas e todos os participantes no mesmo, unha proporción que no caso das industrias do sector da automoción é do 73,3% -con 55 insercións de 75 alumnas e alumnos-.

‘Porriño Accede’ é un programa municipal de formación con prácticas en empresas, dirixido ás desem-



pregadas e desempregados do Porriño, que proporciona accións formativas de calidade tendo en conta, ao mesmo tempo, as necesidades de emprego das empresas.

O obxectivo é facilitar a inserción ou a volta ao mercado laboral de persoas que están en situación de desemprego para o cal asinanse convenios, con diferentes compañías de distintos sectores, por medio dos cales

o Concello do Porriño asume o custo da formación e estas firmas achegan o persoal especializado encargado de impartir a mesma.

En 2017 participaron neste programa 15 empresas, 8 delas do sector da automoción, por medio dun programa deseñado á medida. Ao mesmo tempo, ás empresas que o desexen tamén poden participar neste programa coa acollida de aspirantes en termos máis axus-

tados, previa formación polo Concello, no marco dun programa avanzado pola empresa que asume o rol de promotora.

Este é o caso do compromiso asumido por Ti Automotive, radicada no Porriño, á que a alcaldesa, Eva García de la Torre, e a concelleira de Emprego, fixeron unha visita o venres pasado, que acolleu e contratou a participantes no programa ‘Porriño Accede’ ofrecendo máis dunha oportunidade laboral a porriñesas e porriñeses que hoxe teñen un posto de traballo.

Eva García de la Torre subliña que por medio de ‘Porriño Accede’, “proporcionase unha alternativa real a colectivos de difícil reinserción laboral pois permite formar a persoas desempregadas en postos demandado polas empresas, garantindo, deste xeito, o acceso ao mercado laboral”.

Ricardo Baz subcampión de Europa de Jiu Jitsu



Ricardo Baz, veciño de Atios, fixose con dúas medallas no Campionato de Europa de Jiu Jitsu disputado o 23 de marzo en Roma: unha de bronce na categoría absoluta e a de prata en Peso Medio na especialidade NO-GI (sen kimono).

Baz, que empezou na modalidade MMA, da que foi campión de Galicia, na actualidade compite e adestra con dous equipos, o GFTeam Vigo, na variante Jiu Jitsu con kimono e no Independiente Club de Lucha, co que é campión galego de Grappling.



María de la Figuera: "Lorca xa coñecía e admiraba a poesía galega, pero cando viaxou a Galicia sentiu el mesmo atrapado pola melodía da paisaxe e da lingua"

A catedrática de Lingua Castelá e Literatura e doutora en Filosofía e Letras impartiu na Delegación da Xunta en Madrid a conferencia "Seis poemas galegos de Federico García Lorca"

A catedrática xubilada de Lingua Castelá e Literatura e doutora en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid María de la Figuera López afirmou na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia que "Lorca xa coñecía e admiraba a poesía galega, pero cando viaxou a Galicia sentiu el mesmo atrapado pola melodía da paisaxe e da lingua, da forza do mar e das xentes". Fíxoo no transcurso da conferencia "Seis poemas galegos de Federico García Lorca", que impartiu nas súas instalacións.



En representación do delegado da Xunta e director da Casa, José Ramón Ónega, a conferenciante foi presentada polo coordinador de Actividades Culturais da Casa, Ramón Jiménez, quen valorou que De la Figuera "converteuse en especialista no poeta granadino, segundo pode apreciarse no seu currículo, pola divulgación que fixo da súa figura mediante as conferencias que co título da de hoxe aquí ofreceu en diversos centros culturais galegos, así como do estudo das claves lorquianas de Almodóvar na súa película 'Hable con ella'".

Sinalou así mesmo que "outro autor sobre o que tamén sente predilección e do que tamén lle gusta falar en público é Manuel Rivas, sobre todo da súa novela 'Os libros arden mal'", ademais de reflexionar en conferencias sobre outros escritores ou libros. Por outra banda, apreciou que con este breve poemario de seis poemas, que se publicou en 1932 na

editorial Nós, Lorca "realizou unha extraordinaria achega lírica ao galego".

"Á miña chegada a Galicia (...) Sentín poeta galego, e unha imperioso necesidade de facer versos, o seu cantar obrigoume a estudar Galicia e o seu idioma", lembrou Da Figuera que deixou devandito Federico García Lorca. Tamén que o poeta "rende a súa homenaxe a esa terra que lle achega tanto sentimento e beleza versificando na súa lingua nunha época en que se marxina o galego: ante todo, Federico era poeta do pobo".

Segundo a conferenciante, García Lorca, "nos seus poemas canta á lúa, ao amor, á morte, tres nevaduras que traspasan todas as súas obras, e establece unha conexión íntima con Rosalía de Castro, a súa 'saúde' chora nos versos de Lorca e reflíctese nas molladas rúas de Santiago á luz da lúa".

De la Figuera afirmou que os poemas galegos de Lorca "tiveron unha gran acollida,



María de la Figuera, na súa disertación, acompañada por Ramón Jiménez, cunha proxección de García Lorca.

eloxiáronos tanto Castelao como Álvaro Cunqueiro en España e en Hispanoamérica foron difundidos tanto polos intelectuais exiliados como polos que emigraron por necesidade económica, todos aqueles a os que el chamaba 'trasterrados'".

María de la Figuera López, filla de nai galega, de Redes-Ares (A Coruña), é autora das publicacións "Unamuno: de la pesadilla nihilista al ensueño de totalidad" (Revista de Ana-

les do Seminario de Historia da Filosofía da Universidade Complutense de Madrid), "A risa como expresión lúcida de la paradoja existencial", tese doutoral publicada pola Universidade Complutense de Madrid, e a novela "Son estelas en el mar" (Amazon), ambientada en Cangas do Morrazo. Impartiu varias conferencias de temáticas diversas, nas que tamén fixou a súa atención nas claves lorquianas no cinema de Almodóvar.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03